



DEPORT/2022/126-127

Dna. Adela Miguéns Muñiz, secretaria/delegada da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

CERTIFICO: Que polo Consello Reitor, en sesión celebrada o día **09 DE XUÑO DE 2022**, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CORRECCIÓN DE ERRO DO LÍMITE DE PAGOS EN EFECTIVO NAS BASES DAS CONVOCATORIAS DE SUBVENCÍONS PARA ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS E FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EXERCICIO 2022, APROBADAS POLO CONSELLO REITOR EN SESIÓN CON DATA 03/05/2022..**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do informe-proposta da Sra. interventora/delegada relativa á aprobación da corrección de erro do límite de pagos en efectivo nas bases das convocatorias de subvencións para organización de actividades deportivas extraordinarias e fomento do deporte federado, exercicio 2022, aprobadas polo consello reitor en sesión con data 03/05/2022, de conformidade ao 18 da Lei 11/2021, do 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164 do Consello, do 12 de xullo de 2016. Polo que se debe corrixir o apartado 6.4, punto d das Bases da convocatoria de subvención para a organización de actividades deportivas extraordinarias e o apartado 9.2, punto das bases de Fomento do Deporte Federado.

O Consello Reitor por unanimidade, acorda a corrección dos apartados das bases das convocatorias de subvencións que a continuación se indican:

1.- Nas BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, EXERCICIO 2022, REALIZADAS DURANTE O ANO 2021, o apartado 6.4 punto d) que queda literalmente da seguinte maneira:

Apartado 6.4., punto d):

d) Xustificación do pago. As operacións con importes superiores a 1.000,00 € non



poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto na Lei 11/2021, de 9 de xullo de 2021, que modifica o artigo 7 da Lei 7/2012 de 29 de outubro, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante o cargo na conta bancaria correspondente, pasando o límite de 2.500,00 € a 1.000,00 €, polo que a Entidade deberá ter presente esta modificación aos efectos do cumprimento da lexislación vixente en materia de pagos en efectivo, .....

2.- Nas BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EXERCICIO 2022, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2020/21 OU, ANO 2021, o apartado 9.2 punto d) que queda literalmente da seguinte maneira:

Apartado 9.2, punto d):

d) Xustificación do pago. As operacións con importes superiores a 1.000,00 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto na Lei 11/2021, de 9 de xullo de 2021, que modifica o artigo 7 da Lei 7/2012 de 29 de outubro, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante o cargo na conta bancaria correspondente, pasando o límite de 2.500,00 € a 1.000,00 €, polo que a Entidade deberá ter presente esta modificación aos efectos do cumprimento da lexislación vixente en materia de pagos en efectivo, .....

E para que conste ca súa unión ao expediente, expido a presente, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e catro de xuño de dous mil vinte e dous.

